

3. Programa “Ruptura de Parella non de Familia”

Comparte os obxectivos do Programa Breve e, ademais, oriéntase a:

- ☐ Ensinar ós proxenitores as habilidades e estratexias precisas para afrontar de forma eficaz o proceso no que están inmersos.
- ☐ Axudar aos fillos a entender e expresar as dúbidas e sentimentos que presentan sobre o proceso de separación de seus pais.
- ☐ Axudar ós menores a afrontar os problemas relacionados coa separación de seus pais.
- ☐ Incrementar a autoestima e a intelixencia emocional dos fillos.
- ☐ Ensinar ós nenos estratexias de afrontamento que lles permitan adaptarse á nova situación familiar.

LOCALIZACIÓN

Concellaría de Familia,
Muller e Igualdade, Benestar
Social e Maiores

R/ Isaac Díaz Pardo 4
Santiago de Compostela
Tfno. 981 542 465

Unidade Psicoloxía Forense
Facultade de Psicoloxía da USC
Tfno. 881-813871

- ATENCIÓN GRATUITA -

Horario de atención ao público

De luns a venres (Concellaría)
10:00-14:00 horas

Martes, Xoves e Venres (USC)
17:00-20:00 horas


MÁIS INFORMACIÓN EN...

rupturadeparejanodefamilia@gmail.com

www.usc.es/uforense

APOIO EN SITUACIÓNS DE SEPARACIÓN E DIVORCIO:

Programa
“Ruptura de parella, non de familia”
e
Servizo de Mediación Familiar



DIRECTORES:

DRA. FRANCISCA FARIÑA RIVERA
(Universidade de Vigo)
DR. RAMÓN ARCE FERNÁNDEZ
(Universidade de Santiago)

UNIDADE DE PSICOLOXÍA FORENSE

Universidade de Santiago de Compostela



UNIVERSIDADE
DE VIGO



Concellaría de Familia, Muller e
Igualdade, Benestar Social e
Maiores

A separación dunha parella é un dos eventos vitais máis estresantes que afectan a toda a familia.

Neste senso, propoñemos o Programa “*Ruptura de Parella, non de Familia*” para superar, de forma satisfactoria, as diversas etapas deste proceso e reducir as consecuencias negativas que a ruptura da parella pode desencadear, principalmente nos menores.

OBXECTIVOS

- ☐ Eliminar e minimizar os efectos negativos que produce a separación nos menores e nos proxenitores.
- ☐ Conseguir unha adecuada labor coparental.
- ☐ Diminuír a xudicialización e o conflito na relación parental.
- ☐ Proporcionar o axuste de todos os membros da familia á nova situación.

DIRIXIDO A...

Familias nas que os proxenitores vanse separar ou xa o fixeron.

PODEMOS AXUDALOS A:

- ☐ Reestructurar a súa vida persoal e familiar.
- ☐ Detectar as necesidades de seus fillos tras a separación.
- ☐ Que os nenos non sufran os problemas psicoemocionais asociados ás separacións conflictivas dos proxenitores.
- ☐ Que os menores acepten e aprendan a vivir na nova situación familiar.
- ☐ Acadar unha labor coparental responsable, plenamente desxudicializada.
- ☐ Adquirir pautas educativas adaptadas ás necesidades de seus fillos.

A TRAVÉS DE...

1. Servizo de mediación familiar

Proceso extraxudicial no que os proxenitores, coa presenza dun profesional especializado, toman decisións mutuamente aceptadas, que protexen os intereses dos seus fillos e fillas.

2. Programa Breve “Ruptura de Parella, non de Familia”

Ten como finalidades:

- ☐ AXUDAR á parella a entender os cambios que produce a ruptura conxugal neles e na súa familia, así como a afrontalos eficazmente.
- ☐ *SENSIBILIZAR* ós proxenitores sobre os beneficios que entraña a colaboración parental, así como sobre as consecuencias negativas derivadas dunha relación interparental conflictiva.
- ☐ Dar a comprender que o mellor modo de resolución do conflito nestas circunstancias é a MEDIACIÓN.